
HISTORIAS DUN PAPEL

GUIÓN - ARGUMENTO

OSCURO

E-0
M-A

Noite pecha, unha luz sae do interior dun reloxo de pa_ rede. O CUCO canta doce veces.

E-1
M-A

↓ 9 ↑ 5 / 4 / 6 / 3 12 / 9 /

Sons estranos. Un MOUCHO branco percorre a escea.

E-2
M-A

12 - 3 ↑ 7, 8 — 10 / 3 4 5 6 9 - 3

O CONSTRUCTOR (actor de pantomima) durme de espaldas ó público. A súa SOMBRA (manipulador) vaise da súa beira ca_ ra ó BANCO DE CARPINTEIRO (elemento escenográfico animado).

E-3
M-A

3, 7, 8 — 7
5, 12 — 3

Sobor do banco de carpinteiro hai un feixe de papeis. Es_ tes escomenzan a remexerse. De entre eles sae un MONECO DE PA_ PEL (marioneta mixta) torpe, anda moi mal, [↑] neso un gran ven_ tiladorponse a funcionar. O papel sae despedido polo aire e cae na cara do constructor, ^{↑ 4 - 8} éste espílese.

O constructor olla o papel, éste con medo vaise a escon_ der tralo ~~banco de acrpinteiro.~~ ^{centon -} ^{↑ 6 - 8}

O constructor colleo e pousao sobor do banco e namentras ^{↑ 1 - 8} mira como o papel se move. Non da creto!

O constructorponse un GUIÑOL na man e tenta de xogar co papel facendolle falcatrúadas. O papel asustase e quere

escapar. Neso outro GUIÑOL CON CACHIPORRA lle corta o paso. O papel chora. Os dous guiñoles acheganse ó papel e o acarician.

Fanse amigos do papel, e no seu honor representan a obra do SI E O NON.

Nesto oíse un trono xigante, os guiñois fuxen da escea e aparece enriba do banco de carpinteiro un CACHO DE MADEIRA (marote) correndo a esgallo, agachase detras do moneco de papel, o persiguen un MARTELO e unha TRENCHA, asexan por tódolo banco buscando ó cacho de madeira. Ó non atopalo vanse.

O cacho de madeira sae de detras do moneco de papel, e vira a cachola a todo trapo e de cando en vez tamén a perde.

O moneco de papel ponse a cabalo del, éste cabrease e dun brinco tira co papel. Este voltase a sentar enriba do madeiro que brinca coma un cabalo agalloupando tolo deica tirar de novo co papel no chan. O cacho de madeira encabritase victorioso. Nesto entran de novo o martelo e a trencha e persigueno desaparecendo da escea os tres.

O papel pasea polo chan asexando todo o que atopa na escea. Nesto que entra CACHIVACHES (bulrraco) e caseque pisa ó papel que berra alporizado. Cachivaches da un chouto, o tempo que tuse fortemente. Olla ó papel e o colle, queroo comer. O papel berra máis forte pedindo auxilio. Entón entra o constructor con dous guiñoles con cachiporra que loitan contra o xiganton cachivaches que queda reducido a un montón de chatarra. O papel dalle unha patada a cachivaches e mancouse, o cons_

structor quitase os guiñoles e o cura. Nentramentes entra unha BASOIRA e un RECOLLE LIXOS e basoiran os restos do cachiva_ ches, máis este erguese e tenta rachar con todo moi enoxado.

Entra un PAXARO cunha grande cola(marioneta de variñas), achegase o cachivaches e faille coxegas, éste escacha coa ri_ sa.

O moneco de papel ponse enriba do paxaro e fai unha via_ xe por todo o taller. Nesto que o ventilador volta a funcio_ nar e o papel vai polo aire e o paxaro desaparece. O papel cae en picado ó chan e fica inconsciente.

Aparece en escea un MEDICO chalado (marioneta de fíos) cos fíos todos enguedellados, movese moi pero que moi mal. Apal_ pa o moneco de papel, o mira, estornuda o que fai que o pa_ pel quede de pé dobrado pola cintura. O médico examinao de novo e decide poñerlle unha inxección. O papel reanimase e o médico vaise todo enchido de si.

O papel anda como si estivera peneco e tropeza coa pata dunha CADEIRA (pupi italiana). A cadeira escomenza a moverse coma unha araña deica meter entre as súas patas ó moneco de papel pechandoas coma unha gaiola que non o deixa sair. O pa_ pel remexese e protesta.

Entra o constructor e senta na cadeira e ponse a ler o periódico. A cadeira que non pode con él fuxe quedando ceibe o papel, o constructor queda sentado no aire e nin se entera.

O moneco de papel da un chouto e ponse enriba do hombro do home, éste desequilibrase e caen os dous a rolos polo chan. O constructor colle ó papel, pono encima do banco de acrpin_ teiro e rosmalle e logo meteo dentro dunha caixa. O home vaise.

O papel remexese dentro da caixa, entra unha GAITA (mario_ neta de variñas) tocando unha peza, tropeza coa caixa que se abre saíndo o papel escopetado. A gaita tenta tocar outra pe_ za, o papel achegase o seu punteiro y ela comenza a desafinar, cuspe ó papel que vai a rolos pola escea. O papel erguese e mosqueado incordia á gaita para que non poida tocar, ésta persiguo querendolle zoscar co roncón.

O ventilador comenza a funcionar de novo e o papel sae voando ata quedar estampado nun espello, a gaita toca unha peza e vaise bailando.

O papel mirase no espello e os poucos vai esvaecendose o seu refrexo ata desaparecer, o papel entra no espello e ve_ se e peta nel mentras acontece o efecto inverso. O moneco vol_ ve a pasar por diante do esepello e xoga con el. Neso o espello arrevirase e bate nel que sae voando.

O papel tropeza contra unha cortina que está recollida facendo que ésta se desenrole, quedando o papel detras dela.

Unha luz alumea por detras da cortina convertendo ó pa_ pel nunha sombra chinesa, tamén hái un BOTE (sombra) de cola, o papel que sigue a enredar resbala e cae dentro do bote, e sae del pingando de cola.

Xa canso de tantas vicisitudes que lle teñen acontecido, o papel vaise deitar nun MOLDE (silueta) dunha faz, o tempo que se mece nel como se fose un berce queda durmido

Pasa de novo o moucho.

Soa o cuco sete veces.O tempo que vai saíndo un fermoso SOL de primaveira(sombra).

Entra o constructor e vendo a desfeita que hai na escea recolle ós monecos e coloaos no seu sitio.

O constructor vai cara a pantalla de sombras e a recolle, colle o molde e saca unha cabeza de carton, nela está pegado o papel e a ensambla nunha MARIONETA DE FÍOS.

Soa unha músiquiña dun vello gramofono. O constructor tenta de ensinar a bailar a nova marioneta , pouco a pouco a marioneta vai aprendendo deica rematar bailando os dous xuntos.O constructor aledase dos seus progresos e dalle un bico.O ir colgar a marioneta no seu sitio virase cara ó públi_ co e leva colgado na espalda un monigote(o moneco de papel) cun carteliño que pon FIN.